

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO EFECTIVO DA COOPERACIÓN PARA A CONSECUCIÓN DOS FINS PÚBLICOS ASIGNADOS Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDAD SOCIAL

Esta Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais que é o órgano da Administración autonómica que segundo o artigo 19 do Decreto 147/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ten atribuído a dirección, coordinación, o control e a execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción de emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

### Finalidade

Para os efectos sinalados, formalizouse co Organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 04/12/24 ata o 03/12/2028.

### Obxecto

O convenio ten por obxecto, en cumprimento do artigo 25.1 e 2 da Lei 23/2015, de 21 de xullo, a instrumentación da cooperación entre a Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, para o mellor desenvolvemento do servizo público encomendado á Inspección de Traballo e Seguridade Social, instrumentando os mecanismos de colaboración para a designación do Director Territorial e os xefes das Inspeccións Provinciais, a composición e funcións da Comisión Operativa Autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e outros asuntos de interese para ámbas partes en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social



## **Fundamento**

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Este convenio insértase no marco da citada Lei 23/2015, de 21 de xullo, do capítulo VI do título preliminar e do artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa de aplicación, e ten natureza administrativa.

## **Financiamento**

O presente convenio non xerará nin dará lugar a ningunha contraprestación económica entre as partes, nin suporá compromiso económico para as mesmas.

A súa execución non suporá gasto para as partes intervenientes. Os compromisos asumidos non supoñen incremento de dotacións nin de retribucións nin outras posibles incidencias en gastos de persoal.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, documento asinado dixitalmente.

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

